

5

Obxectivos desta unidade

Concertar unha cita

Invitar e responder invitacións

Expresar e preguntar por estados de ánimo e sentimentos

Dar e pedir información sobre afeccións

Agradecer e desculparse

Queres vir comigo?

Coñecemento do código

Estados de ánimo e sentimentos

Formas de lecer


O feminino (II)

Os pretéritos regulares da CI, CII e CIII

O artigo indeterminado. Contraccións

O presente de indicativo de QUERER

As consoantes: x, s





ACTIVIDADE INTRODUTORIA

1. A. No Día das Letras Galegas coinciden diversas actividades.

Le os seguintes textos para saber cales se van realizar.

Mercedes Peón**Presentación do seu último disco *Sihá***

Sihá é o novo traballo da cantante galega **Mercedes Peón**, unha das artistas galegas con máis sona. Coma sempre, con estas cancións Mercedes Peón diferénciase de calquera outro músico ou banda que suba enriba dun escenario. Engádelle formas musicais e sons novos á súa característica orixinalidade e esencia cultural; elementos que definen a súa música.

Palacio da Ópera da Coruña, 17 de maio, ás 22:00 horas

Entrada de balde (recoller invitación no despacho de billetes, ata as 20:00 h dese día)

**O SALÓN TEATRO ten o pracer de invitalo á estrea da obra de teatro*****A piragua*. Dirección: Cándido Pazó**

17 de maio, ás 20:30 horas

Invitación para unha ou dúas persoas. Confirmar asistencia con 24 horas de antelación

A obra comeza coa reunión da comunidade de propietarios dun edificio. No momento dos rogos e preguntas, un propietario protesta porque hai un veciño que ten unha piragua na súa praza de garaxe. A partir de aquí, a comunidade divídese nas súas opinións.

Acompañando a comunidade no desenvolvemento deste problema, imos descubrindo, xunto co resto das personaxes, que nun dos pisos está a desencadearse unha situación de violencia doméstica. A vítima é unha muller que decide enfrontarse ao seu home para establecer unhas novas regras de xogo porque está farta de aguantar: as cousas poden e deben ser doutra maneira.



Con motivo da véspera do 17 de maio, autoconvocámonos a unha **FESTA POLA LINGUA**, coa escusa de reivindicar unha maior presenza do espírito lúdico-festivo no proceso de normalización.

E por que unha cea? Porque hai que estar ben alimentad@s para enfrontarnos a todo o traballíño que temos por diante! A xente da lingua autoconvidámonos a unha xuntanza de confraternización.

Apuntádevos toda a **XENTE DA LINGUA** sen exclusión por razóns de idade, raza ou talento artístico: toda aquela xente ligada á normalización da lingua.

Unha comisión de festas está a organizar a **MACROCEA lúdico-festiva**. Ti podes formar parte dela se te pos en contacto a través do enderezo electrónico festapolalingua@gmail.com

Haberá **buses** de ida e volta dende Vigo, un **espectáculo en vivo** inesquecible e moitas **sorpresas**!



B. Agora escoita tres diálogos e indica en cada caso a que actividade deciden ir.

Diálogo 1

Diálogo 2

Diálogo 3

Para invitar a alguén:

Gustaríache vir ao cine
comigo?

Si, teño ganas de ver unha
película de acción.

Imos xantar fóra?

Non, non podo, é que veñen
comer uns amigos á miña casa.

Non, non podo, é que teño
que aforrar algo este mes.

Estás libre esta noite?

Si, que che apetece facer?

Quedamos para botar unha partida de billar?

Non vai poder ser, teño que rematar un
traballo para mañá.

C. Agora deseña ti un cartel-invitación para colgar na aula. Nel debes convidar os teus compañeiros a que vaian celebrar a festa máis típica do teu país, da túa cidade, da túa vila ou do teu barrio. Convida a algún dos teus compañeiros e explícalle en que consiste. Para aceptar ou rexeitar, podedes usar as estruturas do cadro anterior.

2. ASTROLOXÍA

A. Os astrólogos botan man do horóscopo para facer predicións. Isto foi o que nos dixo Pixiñas, un experto na materia.



ARIES (Ariete) (21 marzo-20 abril)

Aínda que son persoas **reservadas**, podes confiar nelas porque son moi **sinceras** nos consellos que dan. Sempre procuran axudar e protexer. Sen dúbida, son as **patroas** do grupo. Non son moi **faladoras**, pero en xeral son moi **boa** xente.



TAURO (Touro) (21 abril-20 maio)

Non lles gustan as présas, son persoas moi **tranquilas**. Pódese dicir que son máis **pasivas** ca **activas**: prefiren observar todo dende fóra, son un chisco **folgazanas**. Pero... onde estea este signo non hai pena porque son **simpáticos** e **alegres**.



XÉMINI (Xemelgos) (21 maio-21 xuño)

Con eles pódese falar de todo porque son persoas moi **abertas**. Son moi **sociables**, lévanse ben con todo o mundo. Cóntanse as ocasións que non son **amables**, polo xeral sempre están de bo humor.



CÁNCER (Cangrexo) (22 xuño-22 xullo)

Son persoas moi **intelixentes**, pero sempre cuestionan todo e, en xeral, son **desconfiadas**. Non se pode dicir que sexan **ousadas** e **valentes** senón todo o contrario, son **vergonzosas** e **covardes**. Os deportes de risco non son o seu!



LEÓN (23 xullo-23 agosto)

De **pesimistas** non teñen nada, todo o contrario, son as persoas máis **optimistas** do mundo. De cando en vez levan algún desgusto porque son moi **confiadas** e, se cadra, un pouquiño **inxenuas**. Con todo, son xente moi **riseira** e non deixan que ninguén estea **triste** nin **serio**.



VIRGO (Virxe) (24 agosto-23 setembro)

Son persoas moi **traballadoras** e, non soamente iso, son **metódicas** e moi **organizadas**. Quizais son algo **críticas** e moi **controladoras**. Nos traballos en grupo gústalles ser a voz principal. Non soportan o barullo porque son moi **tranquilas**.



LIBRA (Balanza)
(24 setembro-23 outubro)

Non paran nin un minuto, son persoas moi **nerviosas** e **activas** que non paran de facer cousas. Menos mal que non son persoas **débiles** e que están xeralmente **sas** porque senón seríalles imposible aguantar o ritmo! Ás veces son **caladas** porque non teñen tempo nin para falar.



ESCORPIÓN (24 outubro-22 novembro)

Si que son persoas **galopinas**! Con tal de saíren coa súa ata son **mentireiras**! Pero non se pode dicir por isto que sexan persoas **mesquínas**; as súas mentiras son piadosas. Así e todo, mellor ca ser **humildes** prefiren ser **fachendosas** e aparentar o que moitas veces non son. Debe ser por iso polo que non son nada **confiadas**!



SAXITARIO (23 novembro-21 decembro)

Pensar que son persoas **zouponas** é un erro, son moi **espelidas**, pero algunha vez queren facerse pasar por **parvas**. Ás veces son algo **inxustas** porque lles gusta impoñer a súa opinión sobre a dos demais. É aquí cando se converten en persoas **antipáticas**. Polo demais, son xente moi **cariñosa**.



CAPRICORNIO
(22 decembro-20 xaneiro)

Son moi **realistas** e moi **prácticas**, non lles gusta andar ás voltas. Isto fai que sexan moi **impacientes**. De cando en vez, son algo **frías** e **calculadoras**. En xeral, son persoas que non paran na casa nin pola noite; son moi **festeiras**.



ACUARIO (21 xaneiro-19 febreiro)

Son persoas moi **independentes** e capaces de afrontar os problemas mellor ca ninguén, son **fortes**. É moi raro que estean **enfermas** máis de dous días seguidos. A súa principal terapia é seren **soñadoras** e **loitadoras**.



PISCES (Peixes) (20 febreiro-20 marzo)

Son persoas moi **románticas**. A súa tranquilidade interior fai que sexan moi **comprendivas** e **bondadosas** cos demais. Gústalles facer **felices** aos demais, pero tamén precisan axuda porque son **fráxiles** e **débiles**.



B. Queres saber como é psiquicamente o teu compañeiro ou compañeira?
Soamente tes que saber cal é o seu signo do zodíaco.
Para iso abonda con que lle preguntes a súa data de nacemento.

—Cando naciches? / Cal é a túa data de nacemento?

—Nacín o 27 de xaneiro.

—Entón... ti es acuario, non?

—Si. E ti, que signo es?



C. Estás de acordo coa opinión de Pixiñas sobre a túa personalidade?
Por parellas, comentade se acertou ou non.

—Eu non estou de acordo, os pisces non somos fráxiles nin débiles.

Eu son unha persoa forte.

—Pois eu estou de acordo co que di sobre o signo câncer:

somos persoas intelixentes, claro! Pero non estou de acordo cunha cousa:
 non somos desconfiados!



GRAMÁTICA E LÉXICO: PRÁCTICAS GUIADAS

- 3. Este cadro vaiche ser de axuda para saber como se forman algúns femininos.**
Bótalle un ollo e coloca nel os adxectivos que aparecen remarcados no horóscopo.
Nalgúns casos soamente hai un exemplo que xa che damos nós, ti fai o resto.

Normalmente fórmase engadindo **-a**

—únese á forma masculina se remata en:

—consoante distinta de **-n**: traballador/traballadora

—vogal tónica: bo/boa

—substitúe a vogal átona final do masculino: ousado/ousada

Rematados en **-n**:

—án, -á: san/sa

PERO

—án, -ana (despectivos): folgazán/folgazana

—ón, -oa: patrón/patroa

PERO

—ón, -ona (despectivos ou aumentativos): zoupón/zoupona

—ín, -ina: galopín/galapina

Invariables:

—rematados en **-e**: humilde

—rematados en **-l**: débil

B. Relaciona estas oracións cun adxectivo do cadro anterior que lles acaia ben:

a) Xulia e Raquel están falando todo o día, non pechan a boca nin un minuto.

.....

b) Cando está Toño comigo pásao xenial, estou rindo todo o tempo.

.....

c) Alberte sempre anda de troula, aínda que estea canso el non perde unha festa.

.....

d) Sabela é un anaco de pan, sempre axuda en todo o que pode.

.....

e) Xosé e Tucho están todo o día xogando no ordenador ou vendo os deportes no bar da esquina.

.....

f) A Mónica cústalle moito falar e, sobre todo, expresar os seus sentimentos.

.....

g) Cada vez que atopo a Rebeca sempre me dá bicos e apertas, é unha persoa moi doce.

.....

h) Con Nuria e con Anxo non se pode discutir porque sempre teñen que levar a razón.

.....

Ser alegre / estar alegre

—Como é...?

— Ser + adxectivo: “calidade”: simpático, triste, serio, responsable...

—Como está...?

—Estar + adxectivo: “estado”: canso, durmida, enfermo, enfadado...

—Sabes como é o novo mozo de Andrea?

—Andrea di que é moi simpático, pero sempre que eu o vexo está enfadado.

4. A. Na columna da esquerda aparecen unha serie de ESTADOS DE ÁNIMO e na da dereita algunhas maneiras para expresalos. Serías capaz de relacionalos?



DECEPCIÓN

DESACORDO

IMPACIENCIA

INDIFERENZA

MÁGOA

RESIGNACIÓN

SATISFACCIÓN

SORPRESA

Que mala sorte!

Tanto me ten.

A ver, oh! Está?

Que? Non me digas?

Que pena!

Éche o que hai...

Ai, que ben!

Diso nada!



B. Escoita a audición e completa estes diálogos. Relaciona cada texto cun dos estados de ánimo que viches antes.

E os números premiados no sorteo da Lotaría Primitiva foron: 4-11-19-28-30-47. O complementario foi o 14 e o reintegro o 2. Moita sorte!

_____ Non acertei ningún, nin tan sequera o reintegro!

—Mamá, marcho, vou dar unha volta na bici.

—_____, ata que recollas o teu cuarto ti non te moves da casa. Queda claro?

—Si mamá.

—_____ ! Acabas dunha vez? Levas unha hora aí dentro!

—Xa vou!

—E as patacas, como as queres? Fritas ou cachelos?

—_____, como prefiras.

—E como non viñestes ao cine?

—Pois... cando chegamos, xa non quedaban entradas.

—_____ ! Estivo tan ben...

—Oíches? Hoxe escoitei na radio que a bolsa da compra subiu un 15%.

—_____, os soldos mantéñense pero o resto... todo é máis caro.

—Viches no xornal que vai haber unha exposición do teu pintor favorito?

—De Laxeiro?!


—Siiiiii!!

—_____ ! Coa ilusión que me fai!

—Ai! Que non me lembraba de dicirche. O teu coche ten un faro traseiro escachado.

—_____

—Pois si, vino agora mesmo no garaxe.



5. NOVAS NA TÚA LIÑA

A. Aquí podes ver as novas dun coñecido xornal electrónico galego.
O problema é que están reformando a páxina e desordenáronselles as novas.
Es quen de saber que titular lle corresponde a cada nova?

Titulares

VIEIROS Beta

[Blog de redacción](#)
[Publicidade](#)

XA CAEN AS FOLLAS...

ONDE SEMPRE É BOSQUE

Venres, sexta feira, 21 de setembro de 2007

[Opinión](#)
[Galerías](#)
[Últimas](#)
[Escáneres](#)
[Anteriores](#)
[FAQ](#)
[Buscador](#)
[Blog da redacción](#)

Vieiros de meu [+](#)
(ou rexístrate)

REUNIÓN EN ASEMBLEA FRONTE AO CONCELLO

Miles de traballadores do naval maniféstanse nas rúas de Vigo

5

DIN QUE HIPOTECA O FUTURO DO ALUMNADO

Lanzaron protestas contra o uso de Microsoft nas aulas galegas

II BANDERA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES

Traíñeiras contra a discriminación sexual

O Karpin Galicia compite por primeira vez na casa

Os ciclistas non poden recibir de preto o apoio dos galegos

ANTÓN REIXA, DIRECTOR, PRODUTOR E GUIONISTA DE 'HOTEL TÍVOLI'

"A situación do galego no cinema é moi europea"

Oficina para potenciar o turismo da provincia

A reserva da sardiña aumentou nun 20%.

A Feira do Libro abre as súas portas o 28 de maio

Dez escritores galegos fan o Camiño de Santiago

Obras de Maruja Mallo na Fundación Mapfre

A Volta a Galicia partirá o 30 de maio de Monforte

entra agora

xornal electrónico **Enpontevedra**

axenda de eventos

BBC

O Xabarín fixo campaña a prol da lingua por todo o país

Redacción - 19/09/07

21 EQUIPOS PARTICIPANTES

Entradas das novas

- ___a) Os grupos de software libre mobilizáronse en resposta ás negociacións da Xunta con Microsoft e o pago de 1,4 millóns en licenzas.
- ___b) O equipo galego ten a súa primeira competición na terra, no arranque dun circuíto portugués entre Compostela e Vigo. Despois desta proba vai disputar a Volta a Catalunya, na última semana de maio.
- ___c) O Concello de Moaña acolleu a segunda edición deste campionato, que reivindicou a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no mundo do remo.
- ___d) O porco bravo máis famoso promoveu a lingua durante o mes de maio animando as carreiras do Correlingua. O programa da Galega dedicado aos rapaces chegounos cargado dunha morea de novidades no mes das Letras, tamén coa estrea dun novo vídeo musical dos Magical Brothers.
- ___e) A Fundación Caixa Galicia organizou unha mostra de pintura que, baixo o lema "Fóra de orde. Mulleres da Vangarda española", inclúe obras da pintora galega (Viveiro, 1902 - Madrid, 1955). Entre estas obras, destaca *Dúas mulleres nunha praia*, que se expuxo por primeira vez ao público...
- ___f) Dez autores de literatura infantil, ademais de dous ilustradores, percorreron o camiño dende o Cebreiro para logo editar un libro relacionado coa Ruta Xacobeá. Entre os autores están Agustín Fernández Paz, Fina Casalderrey e outros. Non se sabe se deron chegada a Santiago, pero o esforzo si que o demostraron. E dous xa deixaron de fumar...
- ___g) A súa 5ª edición foi presentada con máis expositores, máis actividades, máis libreiros presentes e un espazo especial para os produtos electrónicos. Entre o 28 de maio e o 13 de xuño, o paseo central da Alameda encheuse de cultura...
- ___h) A parada biolóxica da pesca da sardiña, prevista para todo este mes, incrementará a reserva da sardiña nun 29%, segundo Xosé Ramón Quinteiro, director xerente da Cooperativa de Armadores do porto de Vigo.
Esta parada biolóxica iniciouse o pasado luns e prolongarase o resto do mes.
- ___i) Este venres os operarios saíron dos estaleiros por Beiramar cara a Colón. Chegaron despois á chamada praza de España e, finalmente, cortaron o tráfico do centro cunha enorme pancarta.

B. Xa tes en orde as túas novas? Agora volve delas para subliñar os verbos que atopes en pasado e indicar a que conjugación pertencen.

	manifestáronse	manifestarse 1ª conjugación
●		
●		
		
		
		

6. En galego, o artigo indeterminado contrae sempre coas preposicións *con*, *de* e *en*. Se te fixas, nas novas utilizan estas contraccións. Búscaas e completa este cadro.

	un	unha	uns	unhas
●	con	cun	cuns	cunhas
●	de		duns	dunhas
	en		nuns	nunhas

7. Coa axuda do profesor ou profesora, completa estes verbos en pasado

CHEGAR (pretérito)

Eu

Ti

El/ela

Nós

Vós

Eles/elas chegaron

chegastes
cheguei chegaches
chegou
chegamos

ENCHER (pretérito)

Eu enchín

Ti

El/ela

Nós

Vós

Eles/elas.....

enchéron
enchestes enchemos
encheu
enchiches

CONSEGUIR (pretérito)

Eu

Ti

El/ela conseguiu

Nós

Vós

Eles/elas.....

conseguistes
conseguí
conseguiron
conseguimos
conseguiches



8. QUE NOS CONTAS DE TI?

A. Agora que xa sabes os pasados, pensa nalgúnhas cousas importantes que che pasaron e cóntallas ao teu compañeiro ou compañeira para que as anote. Fai ti o mesmo co que che contén.

Cando fixen 13 anos **fun** de excursión ás Illas Cíes e **descubrín** a miña vocación, a bioloxía.

_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____



B. Xa coñeces un pouco máis o teu compañeiro ou compañeira? Agora que sabes máis sobre el/ela, tes que explicarllo ao resto da clase.

O meu compañeiro **foi** de campamento ás Illas Cíes cando **fixo** 13 anos e **descubriu** a súa vocación, a bioloxía.

9. A MARÍA ENCÁNTALLE APROVEITAR O TEMPO DE LECER!

Non sempre ten moito tempo libre, pero cando pode intenta facer algunha destas cousas.

A. Que cousas do seu armario utiliza para cada afección? Une os obxectos que lle corresponden a cada unha delas.



Afeccións

- ☐ ir á praia e nadar
- ☐ ler novelas
- ☐ viaxar e coñecer outros países e culturas
- ☐ o montañismo e a natureza
- ☐ o deporte, sobre todo o baloncesto e o tenis
- ☐ a pintura e a arte en xeral
- ☐ escoitar música de todo tipo e tamén aprender a tocar algún instrumento
- ☐ bailar música tradicional galega
- ☐ ver películas e ir ao cine
- ☐ xogar no ordenador con videoxogos

"Encántame ter tempo libre para facer isto".



B. Agora comenta co teu compañeiro ou compañeira que afeccións tedes. Podedes empregar os verbos que vimos antes.

A min encántame ir á praia. E a ti, gústache?
Non, o que me encanta a min é a montaña.





FONÉTICA E ORTOGRAFÍA

10. Escoita con atención e sinala cal das dúas palabras é a que se pronuncia.

pelaxe / pelase

xeno / seno

xoga / sogá

paraxe / parase

xesta / sesta / sexta

boxo / voso

roxa / rosa

axustar / asustar

raxo / raso

coxo / coso

xerra / serra

suízo / xuízo

forraxa / forrase

lixo / liso

pexa / pesa

fas / fax

coxa / cosa

O "x" ten dúas pronunciacións en galego:

-[ʃ]: *xeito, caxato, xouba, axóuxere*-[ks]: *taxi, exame, prefixo, dúplex*

GALEGO EN ACCIÓN

11. CAMPO DE TRABALLO EN CAMARIÑAS

A. Busca compañeiro ou compañeira!! Os cuartos deste campo ao que ides son dobres, así que cada un de vós ten que atopar a persoa coa que máis coincida para compartilo. Primeiro fai unha lista coas cousas que lle pides ao teu compañeiro ideal. Ten en conta os seus costumes, gustos, afeccións...

ler antes de durmir

durmir coa ventá aberta

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



B. Xa sabes que cousas lle pides ao teu compañeiro de cuarto? Pois agora faille preguntas sobre iso a cada persoa da clase para saber quen é o que máis se axusta a ti para compartir cuarto.

A ti gústache ler antes de durmir?

Prefires durmir coa ventá aberta ou cerrada?



12. Cubre a ficha de inscrición para poder participar no campamento

Asociación A Xuntanza
Escola de Animación Xuvenil e Tempo Libre Andaina

FICHA DE INSCRICIÓN

Nome e apelidos

Data de nacemento

Enderezo

Poboación

Provincia

Teléfono fixo

Teléfono móbil

Enderezo electrónico

Que che gusta facer no teu tempo de lecer?

Por que queres asistir a este campamento?

Que che interesou máis do noso programa?

13. ESTE É O PROGRAMA DO CAMPO, PERO... VÓS TAMÉN TEDES QUE COLABORAR!



A. Como ves, nas actividades da tarde e mais nas da noite tes dúas opcións, así que, en parellas, debedes poñervos de acordo en que preferides facer e marcalo no programa.

HORA	PROGRAMA ACTIVIDADES 1º DÍA	
9.00	Erguerse e asearse	
9.30	ALMORZAR	
10.30	Actividades da mañá	Asistir ao curso de galego
		Coñecer a vila
14.00	COMER	
15.30	Actividades da tarde	☐ Visitar o museo da vila
		☐ Tempo libre para pasear pola vila
17.30		☐ Obradoiro de teatro
		☐ Obradoiro artesán: como traballar o coiro
19.00	Asearse	
21.00	CEAR	
22.00	Actividades da noite	☐ Charla sobre reciclaxe e produtos ecolóxicos
		☐ Cineforo: cine galego actual
23.45	A durmir	
00.00	Silencio	



HORA	PROGRAMA ACTIVIDADES 2º DÍA	
9.00	Erguerse e asearse	
9.30	ALMORZAR	
10.30	Actividade da mañá	Asistir ao curso de galego
		Coñecer a vila
14.00	COMER	
15.30	Actividades da tarde	☐ Visita ao museo do mar
		☐ Clase de mergullo
17.30		☐ Charla sobre embarcacións galegas
		☐ Charla sobre peixes e artes de pesca en Galicia
19.00	Asearse	
21.00	CEAR	
22.00	Actividades da noite	☐ Charla sobre as tradicións do Entroido en diferentes vilas de Galicia
		☐ Cineforo: as curtametraxes en Galicia
23.45	A durmir	
00.00	Silencio	

HORA	PROGRAMA ACTIVIDADES 3º DÍA	
9.00	Erguerse e asearse	
9.30	ALMORZAR	
10.30	Actividades da mañá	Asistir ao curso de galego
		Excursión á praia: preparar material para limpar o areal
14.00	COMER	
15.30	Actividades da tarde	☐ Clasificar os refugallos atopados
		☐ Deportes acuáticos na praia
17.30		☐ Obradoiro sobre instrumentos musicais galegos
		☐ Festa das culturas! Curso sobre bailes tradicionais de diferentes lugares
19.00	Asearse	
21.00	CEAR	
22.00	Actividades da noite	☐ Charla sobre música galega (dende o rock bravú ao pop e o hip-hop)
		☐ Cineforo: películas de animación feitas en Galicia
23.45	A durmir	
00.00	Silencio	



B. Agora, escoitade o programa definitivo que escolleu Marga, unha das participantes deste campo. Coincide co voso?



C. Por último, cada parella debe expoñerlle o seu programa definitivo ao resto da clase e explicar as súas escollas.

O primeiro día pola tarde, nós preferimos ter tempo libre para pasear pola vila e poder coñecela un pouco. E tamén porque non nos gusta nada visitar museos!

- 14. Neste campamento hai un libro para que cada participante deixe unha mostra da súa experiencia. Ti tamén tes que colaborar!!
Escribe sobre o que máis che gustou ou sobre as actividades que fixeches.**







CONTIDO SOCIOCULTURAL

15. QUE PREFIRES FACER NO TEU TEMPO DE LECER?



A. Aquí tedes uns guións para elaborar tres cuestionarios: un sobre música, outro sobre literatura e outro sobre cinema. Poñédevos en grupos e escollede un deles. Necesitades pensar nas preguntas e no vocabulario que ides empregar. Podedes facer unha lista de posibles opcións. Para practicar, facede primeiro o cuestionario dentro do voso grupo e logo facédello ao resto.

**ENQUISA A: música**

Tipo de música que prefires

Música que escoitas agora

Horas de música que escoitas á semana

Sitio para escoitar música

Número de cedés que compras ao mes

Preferencias: música ou radio (motivos)

Cedés preferidos

ENQUISA B: literatura

Tipo de literatura que prefires

Libro que les agora

Horas de lectura á semana

Sitio de lectura

Libros que compras ao mes

Preferencias: libros ou filme do libro (motivo)

Libro preferido

ENQUISA C: cinema

Tipo de filmes que prefires

Próximo filme que queres ver


Películas á semana (cinema)

Películas á semana (televisión)

Películas que compras ao mes

Preferencias: cinema ou televisión (razón)

Filme preferido



B. Imos ver os resultados que obtivo cada grupo. Tedes que pensar nas 3 conclusións máis importantes para explicarllos ao resto da clase. Aquí tedes algunhas frases para axudardos:

A maioría da clase prefere os libros de ciencia ficción, mentres que os demais prefiren as novelas de aventuras.

A maioría da clase prefere os cedés de folk, mentres que o resto prefere os grandes éxitos.

A maioría da clase prefere ver cinema europeo, mentres que os mais prefiren os filmes de Hollywood e de acción.

FRASES ÚTILES

A maioría da clase prefere...

Unha minoría na clase...

Máis do 50% da clase...

Menos do 50% da clase...

Ninguén na clase...

Compostela: a rúa máis viva

FESTIVAIS

No pasado ano, máis de 100.000 persoas se achegaron ás recentes tendencias do novo circo, o jazz, a música tradicional e o teatro de marionetas a través dos festivais

As rúas e prazas compostelás volverán transformarse o vindeiro to dos escenarios para a expresión e o intercambio activo entre artistas e público espectador. Se Maxia, que acercará á nosa cidade as máis recentes tendencias desta expresión artística. Este evento nace coa intención de converterse nunha data fixa cada ano nun programa de éxito co que os composteláns e as compostelás

Música na rúa

Cada ano trae a Compostela unha mostra dun determinado musical. No ano pasado, a

zouco, tanto de música tradicional como de jazz. O éxito desta iniciativa do departamento de Cultura, o encontro e o diálogo co público, un dos principais aspectos do Festival U'Gorra, actividades que durante o Festival U'Gorra, o colectivo de artistas e o escenario de toda a cidade, que reúne un escenario de toda a cidade, cada vez máis artistas e for

U'Gorra

Feitoamán

A música atopa tamén nas rúas o seu espazo no verán. O festival Feitoamán, impulsado pola Concellaría de Cultura e a Asociación Cultural Cidade Vella, leva ás prazas da zona vella as actuacións de variada clase de artistas. O jazz foi o indiscutible protagonista do último Feitoamán, polo que pasaron músicos como Héctor Lorenzo e Pablo Seoane, Xacobe Martínez Antelo Quinteto, Fredy Fevreiro ou Tom Trovador.



Monicreques

E se a música constitúe un esencial modo de expresión da nosa cultura e da nosa identidade como país, os contos e lendas non o son menos. A compañía de monicreques Kukus convidou a cidadanía compostelá a visitantes, crianzas e maiores a mergullarse nunha viaxe fantástica pola cultura popular galega a través do

espectáculo Galicia Máxica, no que personaxes da mitoloxía como o Demo enganado, as fadas, a meiga rosomora, ou traxo rebulguero conducen o público por un mundo de historias como a do aquelarre do Ateal de Cangas, a da Coca de Redondela ou a da Cova do Rei Centolo. Os monicreques pasan así a converterse nunha nova cita cultural nas rúas e prazas da nosa cidade.





16. COMO ME GUSTA!!

A. Agora escoita o que nos conta María sobre as súas afeccións e sinala que actividades practica.

	Gústame facer...	Nunca fago...
viaxar e coñecer outras culturas		
a natación e a praia		
a pintura e visitar museos		
bailar e tocar instrumentos musicais		
practicar deporte e xogar ao tenis e ao baloncesto		
ler un libro cada semana		

B. Fai ti o mesmo ca María e describe o que che gusta facer e o que non no teu tempo de lecer.

A min encántame pero non me gusta nada

17. COMO SOMOS?



A. Agora, tes que cubrir unha ficha en que fales un pouco sobre ti.

A continuación, xuntade as fichas de toda a clase e repartideas. Cada persoa ten que explicarlle ao resto da clase como é o compañeiro que aparece na ficha que lle tocou sen dicir o nome. Os demais deben adiviñar quen é.

Signo do zodíaco

● Carácter:

● Afeccións:

Gustos:

B. Entre todos podeades mirar o resto de fichas e elaborar un horóscopo en que expliquedes os trazos de carácter que máis abundan no voso grupo.

A maioría de nós somos moi alegres e gústanos moito as festas.

Somos todos persoas moi abertas, soamente Danny é un pouco tímido.

CADERNO DE BITÁCORA

QUE APRENDÍN | QUE TEÑO QUE REPASAR | QUE SEI FACER EN GALEGO NAS CATRO HABILIDADES

Comprender

Falar

Ler

Escribir

Que aprendín:

Que teño que repasar:

Que sei facer en galego nas catro habilidades:

Comprender:

Falar:

Ler:

Escribir:
